



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NARÓN

##### Alcaldía

*Aprobación definitiva do Regulamento para o uso da marca “Tarta de Narón” e do Manual de identidade e uso da marca*

##### ANUNCIO

#### EDICTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO PARA O USO DA MARCA “TARTA DE NARÓN” E DO MANUAL DE IDENTIDADE E USO DA MARCA

Aprobado inicialmente polo Pleno municipal na sesión celebrada o 25 de maio de 2023, o REGULAMENTO PARA O USO DA MARCA “TARTA DE NARÓN” e o MANUAL DE IDENTIDADE E USO DA MARCA, e sometido este acordo a exposición pública mediante anuncio unitario publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 113 de 15 de xuño de 2023, sen que se producise alegación algunha, enténdese, de conformidade co disposto no artigo 49 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, definitivamente aprobados, publicándose integramente os seus textos definitivos.

Narón, 2 de agosto de 2023

A Alcaldesa

Marián Ferreiro Díaz

#### REGULAMENTO PARA O USO DA MARCA “TARTA DE NARÓN”

##### Preámbulo

I.- O Concello de Narón, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a tal efecto posúe diversas competencias no eido do turismo, a difusión da cultura e a promoción do seu patrimonio de acordo co establecido no artigo 25.2 desta norma e disposicións autonómicas de desenvolvemento.

II.- O Concello de Narón, interesado en contar cun produto gastronómico representativo do seu municipio que ofrecera condicións de excelencia e singularidade; permitira fomentar o coñecemento e a difusión da riqueza do seu territorio e os seus bens; impulsara a economía municipal e o consumo nos establecementos de restauración e comercios locais; promocionara e publicitara o seu nome e territorio; e dera a coñecer en todos os ámbitos xeográficos a nosa localidade, tramitou e obtivo a titularidade do rexistro de marca Nº 4.131.554 para o distintivo denominado “Tarta de Narón”, concedido pola Oficina Española de Patentes e Marcas dende o día 14/07/2021, por dez anos, publicado no B.O.P.I. núm. 6137 do 05/04/2022. Esta manufactura e o seu logotipo, sen prexuízo da súa promoción en eventos turísticos, de ocio ou estritamente gastronómicos ou de degustación, destinaríase ao seu consumo final polos particulares, e inclúese nunha estratexia de promoción e diferenciación da nosa cidade.

III.- Que, coas finalidades anteriormente citadas, o Concello de Narón, propietario da marca “TARTA DE NARÓN” e do elemento gráfico que o identifica, pon a disposición das persoas físicas ou xurídicas interesadas, o uso da Marca, conforme ao que se estableza no presente regulamento.

##### Título I: DISPOSICIÓNS XERAIS

###### Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto establecer e determinar as condicións de uso da marca “TARTA DE NARÓN” e os seus distintivos gráficos, así como os requisitos para a súa autorización, utilización e xestión.

###### Artigo 2. Titularidade da Marca e enderezo do titular

O Concello de Narón é o propietario da marca “TARTA DE NARÓN” e dos elementos gráficos que a distinguen. (Anexo I).

Figura inscrita no Rexistro de Marcas da Oficina Española de Patentes e Marcas co título de concesión número 4.131.554 para a clase 30.

O domicilio do titular da Marca é Praza de Galicia, s/nº, 15570 Narón.

O órgano responsable da xestión da marca en representación do Concello titular é a alcaldía-presidencia.

### Artigo 3. Réxime xurídico

O uso da marca “TARTA DE NARÓN” rexeráse polo disposto no presente Regulamento. O Concello de Narón poderá adoptar cantos acordos precisos resulten para a interpretación, o desenvolvemento e a modificación deste Regulamento. No non disposto no Regulamento, aplicarase supletoriamente a lexislación española vixente en materia de marcas e, no seu defecto, o resto do ordenamento xurídico privado.

### Artigo 4. Autorización para usar a Marca

Poderán obter a autorización para o uso da marca “TARTA DE NARÓN” as persoas físicas ou xurídicas que, con capacidade de obrar conforme ao ordenamento xurídico español, desexen realizar algunha das seguintes actividades:

- 1) Elaborar e comercializar a “Tarta de Narón”
- 2) Comercializar a “Tarta de Narón” nos termos contidos no articulado do presente regulamento.

## Título II: PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DA MARCA

### Artigo 5. Solicitud de autorización para o uso da Marca

As persoas físicas ou xurídicas interesadas en utilizar a marca “TARTA DE NARÓN”, efectuarán a solicitude de autorización de uso dirixida á alcaldía do Concello de Narón a través da sede electrónica do Concello de Naron, ou, no seu caso presentándoa no Rexistro Xeral municipal, ou por calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas utilizando o modelo que se estableza a tal efecto na sede electrónica do Concello Narón. Acompañarase da documentación que se establece no artigo 6.

Calquera solicitude de baixa na autorización de uso ou modificación de datos que afecten a esta autorización deberá ser notificada a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

### Artigo 6. Documentos da solicitude

A solicitude acompañarase da seguinte documentación:

- a) NIF/CIF do solicitante.
- b) Acreditación da titularidade da empresa e do representante legal.
- c) Acreditación de estar en posesión das autorizacións sanitarias que correspondan segundo as modalidades establecidas no artigo 4 do presente regulamento: elaboración e comercialización ou comercialización.
- d) Acreditación de encontrarse de alta no Censo do Imposto de Actividades Económicas (modelos 036 e 037).
- e) Acreditación de estar en posesión do título habilitante para á actividade e as instalacións precisas.
- f) Documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

### Artigo 7. Concesión da autorización

1. O Concello de Narón, a través do seu propio persoal técnico ou a través dunha empresa ou entidade de auditoría contratada ao efecto, examinará e comprobará o cumprimento dos requisitos exixidos para o uso da marca, a través do análise da documentación acompañada á solicitude e, no seu caso, a través de visitas e inspeccións dos lugares e instalacións en que os produtos son elaborados ou comercializados e, no seu caso, a través do análise de mostras dos propios produtos.
2. O solicitante deberá facilitar ao persoal designado e acreditado polo Concello para dicho análise, o acceso a todas as instalacións e dependencias onde se elaboren ou comercialicen os produtos así como proporcionarlles calquera mostra, documento ou información que lle soliciten en relación co produto obxecto deste regulamento.
3. O persoal designado polo Concello, sobre a base do resultado do seu análise, elaborará un informe vinculante do uso da marca “tarta de Narón” por parte dos establecementos autorizados, no que poderán propoñer medidas correctoras no seu caso.

### Título III: CONDICIÓNS DE USO

#### Artigo 8. Uso da Marca

1. A Marca só poderá ser utilizada polas persoas físicas ou xurídicas autorizadas expresamente, nas condicións e forma específica que se sinalen na autorización e para o produto autorizado.
2. A reprodución da Marca deberá axustarse con exactitude ás características gráficas coas que foi rexistrada, debendo adecuarse ao modelo e condicións técnicas e gráficas contempladas no Manual de identidade e uso da marca.
3. A autorización de uso non substituirá o cumprimento dos requisitos e exixencias que a lexislación vixente estableza para a produción, elaboración, distribución e/o venda de produtos autorizados.
4. Do cumprimento das medidas indicadas no parágrafo anterior, será único responsable o establecemento autorizado.

#### Artigo 9. Uso efectivo da Marca

1. A Marca non poderá ser utilizada de maneira que puída causar descrédito, prexudicar a súa reputación ou inducir a erro aos seus consumidores sobre as características do produto ao que se aplique.
2. Os usuarios da Marca non poderán usar ou solicitar a inscrición, en ningún país, dun signo idéntico ou semellante o que, de calquera maneira, puída inducir a error, confusión ou aproveitamento da fama e reputación da Marca.

#### Artigo 10. Cesión

A Marca só poderá ser utilizada pola persoa física ou xurídica que conta coa correspondente autorización do Concello de Narón. Os dereitos que se derivan da mesma non poderán ser cedidos, salvo autorización expresa do Concello de Narón.

#### Artigo 11. Vixencia

A autorización de uso da Marca terá a duración estipulada na resolución de concesión do seu uso e permanecerá vixente sempre que a persoa física ou xurídica autorizada manteña inalteradas as condicións e o cumprimento dos requisitos, conforme os cales, concedeuse a autorización de uso.

#### Artigo 12. Extinción do dereito de uso

O dereito de uso da Marca extinguirase no caso de concurso de acredores, quebra, liquidación, fusión, absorción, cesión de fondo de comercio ou algún dos seus elementos, da persoa física ou xurídica autorizada. Esta última non poderá dar como garantía o dereito de uso que lle corresponde sobre a Marca, nin tampouco poderá ser embargado ou ser obxecto doutras medidas de execución.

#### Artigo 13. Obrigacións da persoa física ou xurídica autorizada

Empregar o distintivo da Marca nas condicións establecidas no presente Regulamento e no Manual de identidade e uso da marca aprobado polo Concello de Narón.

#### Artigo 14. Publicidade

Corresponderalle unicamente ao Concello de Narón a realización das campañas de publicidade e promoción da Marca, debendo as persoas autorizadas para o seu uso absterse de realizar actos publicitarios ou promocionais da Marca, sen o consentimento expreso deste.

### Título IV: DO REXISTRO DE PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS CON AUTORIZACIÓN DE USO DA MARCA "TARTA DE NARÓN"

#### Artigo 15. Creación

1. Créase o rexistro de persoas físicas ou xurídicas autorizadas ao uso da marca "TARTA DE NARÓN" polo Concello de Narón.
2. A inscrición no rexistro será de balde. Practicarase directamente polo Concello de Narón á vista da aceptación da resolución de autorización.
3. A información contida no Rexistro terá carácter público, aínda que o acceso aos datos de carácter persoal deberá observar a lexislación vixente na materia.

### Título V: OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### Artigo 16. Defensa da marca

1. No caso de infracción do uso da Marca, corresponderá ao Concello de Narón a lexitimación para exercitar as accións que correspondan para a defensa da mesma, quedando expresamente prohibido aos usuarios exercitar calquera tipo de acción en tal sentido.

2. Se algunha persoa física ou xurídica autorizada ten coñecemento dunha utilización ilícita da Marca, deberá poñelo en coñecemento inmediato do Concello de Narón., comunicándolle os datos precisos para que se poidan exercitar as accións pertinentes.

#### **Artigo 17. Responsabilidade por defectos**

1. As persoas físicas ou xurídicas autorizadas serán as únicas responsables de calquera deficiencia o defecto na elaboración ou resultado final do produto, de tal forma, que non poderán en ningún caso, responsabilizar ao Concello de Narón por este feito.

2. En todo caso, o usuario da Marca deberá asumir por conta propia as indemnizacións e prexuízos ocasionados a terceiros que deriven das súas accións ou omisións.

#### **Artigo 18. Sancións**

1. No suposto de incumprimento das normas do presente Regulamento, así como das posteriores e posibles modificacións que legalmente se realicen nel, revocarase con carácter automático a autorización outorgada para utilizar a Marca, sen que a persoa física ou xurídica autorizada poida exixir do titular da mesma indemnización algunha.

2. A persoa física ou xurídica autorizada será responsable, por dito incumprimento, dos danos que se causen ao Concello de Narón ou a terceiros.

#### **Artigo 19. Modificación do Regulamento de uso**

O Concello de Narón será a única entidade con poder suficiente para realizar as modificacións do Regulamento de uso que estime necesarias.

Estas modificacións serán notificadas ás persoas físicas ou xurídicas que conten con autorización para o uso da Marca para que as acepten e cumbran, para os efectos de poder continuar utilizando a mesma.

### **ANEXO I: ELEMENTOS GRÁFICOS**





**ÍNDICE**

Imagotipo, Isotipo e Logotipo	3
Configuración a toda cor	4-5
Configuración a unha tinta	6-7
Configuración en B/N	8-9
Proporcións	10
Zona de protección	11
Tipografía	12
Cores	13
Tamaños críticos	14
Cuadrícula	15
Exemplos	16-19
A tarta	21
Ingredientes, preparación, dimensións e pesos	23
Decoración	24-27

Edita: Concello de Narón, Tarta de Narón é unha marca rexistrada na  
Oficina Española de Patentes y Marcas co número de Marca 4.131.554.  
Deseño: Juanlu Nacha

**IMAGOTIPO**


Unión de Iso e Logo.  
A unión, entre ambos axustarase sempre a algunha das configuracións que define este manual.

**ISOTIPO**

Tirábase dunha ilustración do Muíño das Aceas de Narón cunha nogueira ao fondo

**LOGOTIPO**

Expresión escrita do nome e da descrición.  
As tipografías utilizadas son a Green Light Bold Inline Gunge e a Pamelino Regular.

**FONDO**

Recurso gráfico que representa un dos ingredientes principais, as nozes. Necesario sempre para o uso de packaging, adhesivos etc

3

Configuración en cor



5

Configuración en cor

**IMPORTANTE:**

Sempre que sexa posible, estas serán as primeiras opcións de utilización da imaxe  
Consultar exemplos de utilización ao final deste manual.



4



Variacións permitidas a unha tinta



Pantone 7587



Cian 25  
Magenta 70  
Amarelo 27  
Negro 27

7

Variacións permitidas a unha tinta



Pantone 7587



Cian 25  
Magenta 70  
Amarelo 27  
Negro 27

6

Configuración en B/N



9

Configuración en B/N



8

Zona de Protección



||

Proporcións



10

Tipografía do Logotipo

As tipografías corporativas son a Green Light Bold Inline Gunge e a Pennellino Regular

**TARTA**  
*de Nación*

Green Light Bold Inline Gunge  
A B C D E F G H I J K L M N O P Q R S T U V W X Y Z  
A B C D E F G H I J K L M N O P Q R S T U V W X Y Z  
1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 . ? ! % / ( )

Pennellino Regular  
*A B C D E F G H I J K L M N O P Q R S T U V W X Y Z  
a b c d e f g h i j k l m n o p q r s t u v w x y z  
1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 . ? ! % / ( )*

12


CORES

Pantone e descomposición en CMYK.

Pant. 7587	Cin Maenta Amarelo Negro	29 70 79 27
Pant. 1345	Cin Maenta Amarelo Negro	4 19 54 0
Pant. 7509	Cin Maenta Amarelo Negro	15 37 65 4
Pant. 7506	Cin Maenta Amarelo Negro	0 8 22 0
Pant. 149	Cin Maenta Amarelo Negro	0 30 58 0
Pant. 726	Cin Maenta Amarelo Negro	8 27 40 8

13

Cuadrícula



15

Comportamento en tamaños críticos



14

Exemplos de aplicación



Pegata circular en cristal de escaparate

16

Exemplos de aplicación



Bolsa de papel



Pegata

17

Exemplos de aplicación



Caixa cadrada  
24x24x3,8 cms

18

Exemplos de aplicación



Liñas de troquel da caixa

19

A tarta

21

20



**Ingredientes**

Azúcre 215 g  
Azúcre invertido 45 g  
Noz 300 g  
Ovos 200 g  
Margarina 105 g  
Sal 2 g

**Preparación**

Mesturamos con pala o azúcre e as nozes picadas. A seguir engadimos os ovos un a un, e o azúcre invertido, e finalmente engadiremos a margarina.  
Poremos a masa nos moldes e coceremos a 165 graos uns 35 minutos aproximadamente.  
Deixamos arrefriar, retiramos do molde e decoramos con azúcre antihumidade.

**Dimensións e pesos**



Diámetro 23 cm  
Altura 2,5 cm  
Peso 800 g

22


23

## Decoración

Exemplos de colocación das chaves na tarta




24



A tarta irá decorada coas dúas chaves ligadas que forman parte do escudo heráldico e da bandeira do Concello de Narón, nun tamaño de 8x14,5 cms.

25

Exemplo de colocación das chaves no centro



27

Exemplo de colocación das chaves no lado esquerdo



26

